

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE COMUNIDAD LOCAL HOGAR NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN DE LA CONGREGACIÓN DE LAS HERMANITAS DE LOS ANCIANOS DESAMPARADOS PARA A ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA NO CENTRO SOCIOSANITARIO RESIDENCIA NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 1 de abril de 2026, coa entidade Comunidad Local Hogar Nuestra Señora de la Asunción de la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos desamparados, o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prorrogar expresamente, o "Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a entidade Comunidad Local Hogar Nuestra Señora de la Asunción de la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos desamparados para a organización da prestación farmacéutica no centro sociosanitario Residencia Nuestra Señora de la Asunción"; para que ambas partes continúen prestando a súa colaboración por un período de catro anos máis.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O 6 de abril de 2022, formalizouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a entidade Comunidad Local Hogar Nuestra Señora de la Asunción de la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos desamparados para a organización da prestación farmacéutica no centro sociosanitario Residencia Nuestra Señora de la Asunción.

O obxecto do dito convenio é que a prestación farmacéutica ás persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde residentes no centro sociosanitario RESIDENCIA NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN se realice de xeito eficaz, eficiente, integrado e coordinado cos outros niveis asistenciais, tendo en conta o establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.



E ten como obxectivos específicos:

- Garantir unha prescrición médica acorde aos criterios da Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde.
- Proporcionar unha adecuada cobertura, conservación e custodia dos medicamentos e produtos sanitarios.
- Realizar unha dispensación responsable e eficiente dos ditos produtos.
- Proporcionar información pertinente sobre a súa utilización e outras accións convenientes que fagan que a atención farmacoterapéutica sexa máis segura e racional, tanto desde o punto de vista asistencial como da saúde pública.
- Facilitar o labor asistencial sanitario prestado ás persoas residentes do centro, na prescrición de medicamentos e produtos sanitarios.

A cláusula décimo terceira do citado convenio, sinala que:

"O presente convenio terá vixencia de 4 anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais"

Por todo o anterior, tendo en conta os fins acadados durante o tempo de vixencia do convenio e a necesidade de continuar coa colaboración indicada, en virtude do disposto na cláusula citada, as partes asinantes acordaron a súa prórroga.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

